



1. O CONTEXTO.

Para contextualizar a nosa decisión de participar no concurso de podcast de radio escolar, debemos retrotraernos ao 2º trimestre do presente curso escolar, cando un grupo de dez profesores/as do centro (de distintos niveis educativos e áreas) decidimos apoiar a proposta do coordinador da Biblioteca do centro para adquirir un equipo de gravación que nos permitise elaborar programas radiofónicos cos que enfocar o labordocente dun xeito máis lúdico, atractivo e dinamizador. Decidimos, ademais, solicitar un curso de formación no centro, que se desenvolveu ao longo do mes de marzo, para coñecermos as posibilidades que este medio estaba ofrecendo noutros centros, xa que a maioría de nós non participara en ningunha experiencia pedagóxica previa sobre este medio.

Foi a raíz destes encontros como coñecemos a existencia do concurso de podcast escolares que anualmente organiza a Dirección Xeral de Recursos Humanos en colaboración coa Radio Galega para conmemorar o Día das Letras Galegas e considerámolo un estímulo oportuno para poñermos en práctica os coñecementos adquiridos e máis para explorarmos as posibilidades que, de agora en diante, nos pode fornecer a radio. Ademais, permitiríanos desenvolver actividades interesantes no centro para divulgar a figura e a obra da homenaxeada este ano, polo que non dubidamos en comezar a idear posibilidades de traballo en cadanseu nivel educativo ofertada no CPI de Rodeiro: infantil, primaria e secundaria.

Procuramos que todo este equipo de docentes antes mencionado participase no deseño e na materialización dos tres podcast, independentemente do nivel educativo no que impartisen. Á parte de que isto supoñía enriquecer o noso coñecemento sobre as posibilidades que ofrece este medio para distintas idades, tamén nos permitiría diversificar o enfoque temático e formal desde o que se ía traballar a autora homenaxeada, Xela Arias, de xeito que se lle puidese ofrecer ao alumnado de cada nivel educativo unha ollada que se complementase co tratado nos demais, sen repetirmos.

Tras a posta en común de distintas propostas, finalmente optouse por enfocar os tres proxectos do seguinte xeito:

-En Educación Infantil e 1º e 2º de E. Primaria priorizaríamos a súa faceta como narradora infantil partindo do libro de relatos autobiográficos *Non te amola*.

-Nos demais cursos de Educación Primaria centrariámonos no seu labor como tradutora e tamén neseu poemario *Darío a diario*, procurando musicar algún dos seus versos máis coñecidos como alternativa ao recitado.

-Na ESO afrontariamos un resumo da traxectoria biográfica e bibliográfica da autora.

E xa, unha vez acordadas estas propostas, puxémonos a desenvolvelas, guiados polo labor de documentación previa sobre a autora homenaxeada ofrecido polo equipo de Biblioteca, que mercou exemplares dos libros *Non te amola*, *Darío a diario*, *Tigres coma cabalos* e publicou no blog distintas ligazóns sobre a vida e obra de Xela Arias.

2. O PROCESO.

2.1. PODCAST DE EDUCACIÓN INFANTIL e 1º e 2º de E. PRIMARIA:

“As aventuras do avó Manuel”.

Comezamos por facer unha lectura colectiva do libro de Xela Arias *Non te amola* para decidir cal ou cales serían os capítulos que poderían adaptarse mellor aos intereses do alumnado deste nivel. Como o centro se sitúa nunha comarca de montaña na que existe unha poboación estable de lobo e, en consecuencia, como teñen vixencia na tradición oral os relatos populares arredor deste animal, coincidimos en que o capítulo do libro onde se trata este asunto argumental debería ser o xerme arredor do cal naceuse o podcast.

A partir de aí foi xurdindo a idea de recrear no podcast algunha das escenas domésticas que a autora relembra no libro, cando escoitaba con fruición os relatos do seu avó paterno Manuel na aldea de Vilerma, tamén acompañados pola súa avoa. Intentamos artellar unha escena na que se mesturasen varias historias de distintos capítulos nas que este avó intervén como narrador, como as da Compañía ou as Mouras, mais cando lles dabamos forma viamos que non ían ser entendidas por alumnos/as tan pequenos/as, polo que se ía perder no podcast a viveza da participación dos nenos/as no proceso de gravación e o disfrute da mesma.

Finalmente, optamos por centrarnos exclusivamente na historia do lobo que ataca a besta do avó Manuel cando se dirixía a unha feira e, para darlle verosimilitude á escena dentro do contexto dun podcast de radio, pensamos que a poderíamos presentar como se fose narrada por un contacontos (“Falabarato”) que acodeao CPI de Rodeiro para amenizar un programa de radio en directo destinado ao público infantil. Procuramos que o guión incluíse referencias próximas á realidade do noso alumnado de Infantil, como, por exemplo, mencións ao tempo meteorolóxico, a elementos da paisaxe que forman parte do noso contorno ou a actividades da vida cotiá como os momentos de conversa arredor da cociña, ir ás feiras... Tamén procuramos que o relato servise para identificar os sentimentos e as emocións (medos, desexos, preocupacións...) para ir aprendendo a xestionalos. Introducíronse, ademais, elementos estilísticos propios da narración oral infantil e na descrición dos personaxes, como rimas, retrousos máxicos...

Unha vez que se rematou o guión, precisamos decidir quen ía representar os papeis de presentadora, avó e avoa, Xela, Falabarato e Lobo, ademais dos nenos/as que participarían como público no programa. Concluimos que os papeis máis importantes para darlle credibilidade á audición, sempre desde a perspectiva do alumnado presente na gravación, era que houbera un avó e unha avoa reais, coñecidos por eles, así que contactamos con dous veciños do contorno do centro que accederon a participar. Como público decidimos seleccionar a todo o alumnado de Infantil, 1º e 2º de Primaria, como Falabarato a Aarón, como Xela a Carla e como Lobo a Iago, todos eles de 2º de Primaria. O papel de locutora desempeñouno María, de 1º de Primaria.

Para concluímos o traballo, incorporáronse os sons que, ou ben enriquecen a comprensión da historia (sondo lobo, por exemplo) ou ben lle outorgan comicidade (sons dos animais equivocados, etc.). En colaboración co Equipo de TIC, realizouse o proceso de montaxe de todos os audios que forman parte do podcast.

2.2. PODCAST DOS DEMAIS CURSOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA:

“The monster’s class”.

No caso de E. Primaria pensamos que a lectura do poemario *Darío a diario* debería ser o punto de partida para xestar a idea. Tamén, a través da biblioteca, compartimos o libro e seleccionamos o poema “Todos os nenos son TU e ningún coma ti”. A pesar da simplicidade aparente, o poema permitiunos reflexionar co alumnado cuestións como a esencia que nos particulariza como individuos irrepitibles ao longo da nosa existencia, así como sobre se a protección parental debe coutar ou non esa singularidade. Como o poematen que ver cun aspecto biográfico da autora, pensamos que no podcast poderíamos musicalo dándolle forma de canto de berce, como se fose creado por Xela Arias para adormecer ao seu fillo Darío, en vez de facer un recitado.

Seguindo esta idea, consideramos a posibilidade de que este podcast versase sobre os cantos de berce tradicionais, mais logo desbotamos parcialmente esta opción porque nos parecía que desviaba o foco de atención principal da autora homenaxeada, que debía ser o centro do noso traballo. Así que, despois de maduralo mellor, xurdiu a idea de centrar o podcast na faceta de Xela Arias como tradutora, sen desbotar totalmente a idea de incorporar o poema musicado polo alumnado e o profesorado dentro do programa. Deste xeito, decidimos crear un programa de radio escolar para a aprendizaxe do inglés desde o galego. Como chiscadelas á biografía da Xela Arias nena, ideamos os personaxes radiofónicos de “A tartaruga verde” e o “Monstro do váter” (Toilet Monster), aos que a propia autora fai referencia no libro *Non te amola* como seres que a acompañaron de nena, unha como un xoguete e outro como produto do seu maxín. Estes serían, logo, os condutores do curso de inglés radiofónico para público infantil, ela galego-falante e el anglófono.

Para podermos incorporar de xeito coherente o poema de *Darío a diario* (musicado baixo formato de canto de berce) dentro deste programa radiofónico de inglés, pensamos que as expresións inglesas que se aprendesen ese día deberían ser as referidas ao sono. Serían, logo, as mesmas mascotas as que presentasen o poema ao final do programa como unha lembranza dun canto de berce que elas escoitaban na voz da propia Xela.

Con esta idea madurada, puxémonos a materializala. O Departamento de Inglés elaborou a parte do diálogo entre os dous personaxes, onde se incluíron as expresións en inglés relacionadas co sono.

Por outro lado, pedímoslle ao alumnado do centro que indagase se os seus avós/as lembraban algún canto de berce tradicional e, de ser así, que gravasen unha interpretación do mesmo. Consequimos unha audición interesante dunha avoa (que se pode escoitar nesta ligazón <https://drive.google.com/file/d/1VWKkxMg9zTI8eJt-O0TTgNk5Oo4oAJT1/view?usp=sharing>) e o profesor de música adaptou a letra do primeiro verso do poema citado, a esa melodía. Ademais, fixo unha serie de variacións baseándose no esquema melódico do canto de berce recollido, para as que empregou distintos instrumentos. Para que esta parte final tivese coherencia dentro do formato dun curso de inglés, introducimos como retrouso da canción o mesmo verso traducido a este idioma.

Finalmente, tras varios ensaios co alumnado de 6º de Primaria, interpretando o diálogo e o canto de berce creado, realizamos a gravación de todo o programa en directo.

2.3. PODCAST DA ESO:

“Retallos da miña fonobiografía”.

Neste caso, o obxectivo fundamental era divulgar os aspectos máis destacados da vida e da obra de Xela Arias entre o alumnado de lingua galega da ESO. Xa que este traballo cadrou no momento en que se está impartindo en 4º de ESO o tema da poesía de posguerra para continuar logo co da poesía galega a partir de 1976, este Departamento aproveitou primeiramente os textos poéticos da autora e tamén outros xornalísticos difundidos a través do blog da Biblioteca que se considerou que plasmaban de forma breve e sinxela a súa traxectoria vital e bibliográfica. Estes incorporáronse logo a unha tarefa na aula virtual desta materia de 4º na que se lle pedía ao alumnado que, tras a lectura destes textos, elaborase, de xeito individual, un esquema biobibliográfico sobre Xela Arias en formato de táboa.

A continuación, despois de poñermos en común os resultados, incidiuse en que reparasen en que a biografía da autora transcorre nos dous seguintes espazos vitais fundamentalmente: Sarria, onde nace e recibe os estudos primarios, e Vigo, onde estuda bacharelato e posteriormente comeza a súa carreira profesional na editorial Xerais. Transcorren, tamén, os últimos anos da súa vida como docente nesta cidade, onde morre prematuramente por un paro cardíaco. Vigo, cobra logo unha especial importancia como lugar de referencia vital e literario. De feito, aparecen nos seus poemas referencias indirectas a este espazo urbano e ao mar (os escualos, os areais, os espazos da movida viguesa, das súas rúas...).

Pensamos logo, xa que estamos falando de poesía e a metáfora é un elemento fundamental dentro do discurso deste xénero literario, cal sería a metáfora sonora que se podería empregar para transmitir ese percorrido vital nun podcast de radio? Así xurdiu a idea de estruturar o programa empregando a metáfora dun tren que vai de Sarria a Vigo, para logo volver subir a el unha vez que falece. Logo consideramos que podíamos desenvolver toda a súa traxectoria vital e bibliográfica seguindo a secuencia de sons que imaxinamos nós que formarían parte da súa memoria, ofrecéndolle ao radioínte unha paisaxe sonora acompañada do seu relato autobiográfico.

Foise redactando así o guión, partindo só dos detalles máis importantes seleccionados polo alumnado nos seus esquemas, para que se axustase ao límite dos 5' que debería ocupar como máximo o podcast, incluíndo os sons e o texto. Unha vez rematado, propúxoselle ao alumnado de 4º de ESO que entregase un audio coa lectura do texto deste guión, que serviría como nota de avaliación da expresión oral deste trimestre. Pretendíamos tamén seleccionar a alumna que mellor traballase a prosodia na lectura do texto para facer agravación final.

Unha vez elaborado este guión, houbo que gravar todos estes sons. Como as saídas escolares foron suspendidas polas circunstancias sanitarias, foi un equipo de profesores os que se encargaron de facelo. Acudimos ás estacións de tren de Sarria e Monforte e á Granxa de Barreiros para captar os sons da chegada e saída do tren e dos paxaros que se escoitaban no contorno da granxa-escola. Outros sons foron gravados na cidade de Vigo: saída do tren da estación de Guixar, son ambiente da rúa Urzaiz, trade mecánico da Porta do Sol, ondas do mar en Samil e Nigrán. Noutros casos botamos man de sons máis próximos xa que o tempo apremiaba: o son de instituto foi gravado no noso centro e o do bebé é fillo dunha profesora do equipo. A sirena do tren e os disparos fotográficos foron obtidos de bancos de sons libres de internet, así como tamén decidimos incorporar dous breves fragmentos de temas musicais relacionados con Xela Arias: un do tema “Intempériome” de A banda da Loba e outro da canción “Eres un pulpo con tu mujer” do grupo Desertores, da movida viguesa dos 80, cuxa letra é da propia Xela Arias. Finalmente incorporamos, tamén, o son ambiente dunha manifestación da Plataforma cidadá Nunca Máis extraído dun telexornal da TVG.

Para rematar, en colaboración co Equipo de TICs, realizamos a montaxe final que incorporou os distintos sons e o audio coa gravación do texto, xunto con unha cuña inicial que procuraba darlle

sentido a alocución de Xela Arias en primeira persoa, pois presentámolo como un programa dunha emisora (“Cinzas nas Ondas”) especializada en podcast consistentes no relato autobiográfico de personalidades da cultura galega.

3. O RESULTADO.

Como conclusión, todo o equipo docente que participou nesta experiencia valóraa moi positivamente, non só polas aprendizaxes adquiridas en todo o proceso sobre o manexo de programas informáticos de edición de audio e de elaboración de guións radiofónicos ou sobre a vida e obra de Xela Arias. Quizais o máis gratificante foi que incentivou o traballo en equipo non xa entre o profesorado que colaborou, senón tamén co alumnado de distintos niveis educativos e das familias. Foi unha actividade que dinamizou culturalmente o centro, promoveu o uso do galego nunha actividade pedagóxica que tiña, asemade, unha compoñente lúdica evidente, así que, por riba dos erros que se poidan apreciar no resultado final dos tres podcast, consideramos que o aprendido durante todo o proceso e o esforzo investido mereceron a pena.

A nosa intención é que estes tres podcast, unha vez finalizada a fase de concurso, estean dispoñibles para toda a comunidade educativa desde o blog da Biblioteca (bibliorodeiro.blogspot.com), para que sirvan de aliciente para seguirmos con novos proxectos de radio en próximos cursos.